

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIPP DE SIGÜEIRO

CURSO: 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, CC. da  
Natureza, CC. Sociais, Plástica e Educación en Valores.

DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Lingua Galega e Literatura

#### Bloque 1. Comunicación Oral. Falar e escoitar

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe	LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas
	LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
	LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.

<b>Bloque 2. Comunicación Escrita: Ler</b>	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos
B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.
<b>Bloque 3. Comunicación Escrita. Escribir</b>	
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.
	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.

B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas.
B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1 Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
<b>Bloque 4. Coñecemento da Lingua</b>	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
	LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas
	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.

<b>Bloque 5. Educación Literaria</b>	
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral	LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes	LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

ANEXO: As programacións son un documento flexible e aberto no que se poden introducir as modificacións precisas en funcións das necesidades que poidan xurdir (máis aínda, nunha situación de excepcionalidade como a que estamos a vivir) polo que esta programación poderá ser adaptada para favorecer ó alumnado dando respostas as súas circunstancias e necesidades.

<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	
<b>Bloque 1. Comunicación Oral. Falar e escoitar</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e dos demais.	LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.
	LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.
	LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.	LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social
B1.5. Ampliar o vocabulario para lograr unha expresión precisa utilizando o dicionario como recurso básico.	LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
<b>Bloque 2. Comunicación Escrita. Ler</b>	
B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.
	LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.

	LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.
	LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.
B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.1. Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.
	LCB2.9.2. É capaz de interpretar a información e facer un resumo da mesma.
<b>Bloque 3. Comunicación Escrita. Escribir</b>	
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas cuidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes.
	LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, contextualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.
	LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.
B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.8.1. Usa con eficacia as novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información



<b>Bloque 4. Coñecemento da Lingua</b>	
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
	LCB4.4.3. Aplica correctamente normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
	LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación.
<b>Bloque 5. Educación Literaria</b>	
B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.
B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral.	LCB5.5.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.
	LCB5.5.2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas.

<b>Matemáticas</b>	
<b>Bloque 1. Métodos, Procesos e Actitudes en Matemáticas</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso
	MTB 1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.
B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras.	MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.
<b>Bloque 2. Os números</b>	
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
	MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
	MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.
B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás

<p>B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p>
	<p>MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>
<b>Bloque 3. A Medida</b>	
<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p>
	<p>MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p>
<p>B3.2. Operar con diferentes medidas</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p>
	<p>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p>
	<p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>B3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización</p>

<b>Bloque 4. Xeometría</b>	
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	MTB4.3.2. Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.
<b>Bloque 5. Estatística e Probabilidade</b>	
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.
	MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.
B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultados	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.
	MTB5.3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).

CC. da Natureza	
Bloque 1. Inciación á Actividade Científica	
Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
	CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
	CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
	CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

<b>Bloque 2. O ser humano e a saúde</b>	
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.
	CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
<b>Bloque 3. Os seres vivos</b>	
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal, Reino das plantas, Reino dos fungos e Outros reinos.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.
	CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.
	CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.
<b>Bloque 4. Materia e Enerxía</b>	
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos.	CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.
	CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.
<b>Bloque 5. Tecnoloxía, Obxecto e Máquinas</b>	
B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.

<b>CC. Sociais</b>	
<b>Bloque 1. Bloque de Contidos comúns</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
	CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.
	CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
	CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.
	CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
<b>Bloque 2. O Mundo que nos rodea</b>	
B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.
B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.	CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os usos horarios.

	CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.
B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.
B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.
	CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.
B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.
<b>Bloque 3. Vivir en Sociedade</b>	
B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.	CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.
B3.2.Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.	CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.
	CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
<b>Bloque 4. As pegadas do Tempo</b>	
B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.



<b>Educación Artística e Plástica</b>	
<b>Bloque 1. Observación Plástica</b>	
<b>Criterios de Avaliación</b>	<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
B1.1. Distinguir las diferencias fundamentales entre las imágenes fijas y en movimiento, clasificándolas siguiendo patrones aprendidos	EPB1.1.2. Dibuja aspectos de la vida cotidiana
B1.2. Identificar y describir los materiales, utensilios y soportes, texturas, formas y colores; comprobando las posibilidades que aportan para la creación artística.	EPB1.2.1. Identifica los recursos y materiales utilizados para elaborar una obra
	EPB1.2.2. Analiza las posibilidades de materiales, texturas, formas y colores aplicados sobre diferentes soportes.
<b>Bloque 2. Expresión y Creación Plástica</b>	
B2.2. Realizar planos, mapas y carteles, Individualmente y en grupo; manejando las herramientas básicas del dibujo geométrico	EPB2.2.1. Confecciona planos y mapas simples con la ayuda de las herramientas básicas, individualmente y en grupo
	EPB2.2.2. Utiliza y maneja los elementos que estructuran el espacio gráfico.
	EPB2.2.3. Participa en las actividades propuestas y muestra Interés por ellas, colaborando siempre que se trate de un trabajo en grupo.
B2.3. Imaginar, dibujar y elaborar obras tridimensionales con diferentes materiales	EPB2.3.4. Combina y analiza colores para utilizarlos correctamente en la composición.
B2.4. Representa, de forma personal, ideas, acciones y situaciones valiéndose de los elementos que configuran el lenguaje visual.	EPB2.4.1. Dibuja formas, figuras y elementos del contexto con dimensiones, proporciones, colores y tamaños adecuados.
	EPB2.4.5. Realiza Imágenes humanas, animales, casas, partiendo de un boceto.
B2.5. Participar con interés, cuidando y respetando el material, los utensilios y los espacios, desarrollando la iniciativa y la creatividad, respetando las normas y las reglas previamente establecidas.	EPB2.5.2. Cuida y respeta los materiales, los utensilios y los espacios utilizados.
	EPB2.5.3. Participa y muestra Interés por las actividades propuestas, colaborando en la recogida y en la organización del material
B2.6. Mostrar Interés por el trabajo, apreciando y valorando la correcta realización de actividades y la presentación	EPB2.6.1. Completa y realiza dibujos utilizando los conocimientos aprendidos.
	EPB2.6.2. Presenta tareas con orden y limpieza respetando normas e indicaciones establecidas.
<b>Bloque 3. Debuxo Xeométrico</b>	
B3.1. Conocer y utilizar las herramientas básicas del dibujo geométrico	EPB3.1.5. Representa y aplica adecuadamente el eje de simetría

<b>Valores Cívicos e Sociais</b>	
<b>Bloque 1. Dignidade e Identidade da persoa</b>	
<b>Criterios de Avaliación</b>	<b>Estándares de Aprendizaxe</b>
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empleando las emociones de forma positiva.	VSCB1.2.3. Expresa sus sentimientos, necesidades y derechos, a la vez que respeta los de los y de las demás en las actividades cooperativas.
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisiones de forma independiente, manejando las dificultades para superar frustraciones y sentimientos negativos ante los problemas.	VSCB1.4.1. Utiliza el pensamiento creativo en el análisis de problemas y en el planteamiento de propuestas de actuación.
B1.5. Desarrollar la autonomía y la capacidad de emprendimiento para conseguir logros personales responsabilizándose del bien común.	VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociales y cívicos y aporta soluciones potencialmente efectivas.
	VSCB1.5.2. Define y plantea claramente problemas de convivencia y aporta soluciones potencialmente efectivas.
<b>Bloque 2. Comprensión e Respeto nas Relacións Interpersoais</b>	
B2.1. Expresar opiniones, sentimientos y emociones, empleando coordinadamente el lenguaje verbal y no verbal.	VSCB2.1.1. Emplea apropiadamente los elementos de la comunicación verbal y no verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimientos y emociones.
B2.2. Utilizar habilidades de escucha y el pensamiento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Dialoga interpretando y dando sentido a lo que oye.
	VSCB2.2.3. Colabora en proyectos grupales escuchando activamente, demostrando interés por las otras personas.
B2.8. Contribuir a la mejora del clima del grupo mostrando actitudes cooperativas y estableciendo relaciones respetuosas.	VSCB2.8.1. Forma parte activa de las dinámicas del grupo.
<b>Bloque 3. Convivencia e Valores Sociais</b>	
B3.3. Implicarse en la elaboración y respeto de las normas de la comunidad educativa empleando el sistema de valores personal que construye a partir de los valores universales.	VSCB3.3.2. Participa en la elaboración de las normas del aula.
	VSCB3.3.3. Respeto las normas del centro escolar.
B3.10. Participar activamente en la vida cívica valorando la igualdad de derechos y corresponsabilidades de hombres y mujeres.	VSCB3.10.1. Ajuicia críticamente actitudes de falta de respeto a la igualdad de oportunidades de hombres y mujeres.
B3.11. Respetar los valores socialmente reconocidos, conociendo y apreciando los valores del Estatuto de autonomía y de la Constitución española y los Derechos y Deberes del Estatuto de autonomía y de la Constitución española. Conocer las instituciones, organización y servicios públicos que garantizan los derechos y deberes de los ciudadanos y ciudadanas en su entorno.	VSCB3.11.2. Expresa la importancia de garantizar los derechos y deberes de los ciudadanos y ciudadanas de su entorno.

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

#### Procedementos:

A avaliación desenvolvida con carácter xeral no nivel de 5º de E. Primaria é **continua e formativa** (a superación de cada avaliación supón a recuperación da anterior) así como **flexible e aberta** (o que facilita a súa adaptación).

No marco excepcional deste 3º trimestre o traballo desenvolvido **NON fará media** co resto do curso.

Non obstante, valorarase o seguimento da actividade por parte do alumnado a través das propostas de traballo semanais presentadas na aula virtual do EVA. O alumnado deberá seguir o plan de traballo marcado en función do seu ritmo de aprendizaxe, ben de forma xeral ou de xeito individualizado naqueles casos que o precisen (estabeleceranse as tarefas a realizar para cada neno/a, así como os diferentes niveis de execución das mesmas).

O obxectivo fundamental é favorecer o afianzamento e recuperación das aprendizaxes imprescindibles, sobre todo naquel alumnado que non as ten acadadas, para permitirlle continuar o seu progreso no curso seguinte, prestando especial atención aqueles/as que conta con resultados negativos na 2º avaliación.

A valoración do avance centrarase especialmente no ámbito da adquisición de destrezas e habilidades que favorezan a aprendizaxe competencial (como se priorizou ó longo de todo o curso).

O principal **instrumento** de avaliación durante este 3º trimestre será o **seguimento continuado do traballo diario, a participación e o esforzo;**

- Na *realización das tarefas* propostas.
- Rexistro da actividade na plataforma EVA.
- Valorarase especialmente o *interese, a motivación e implicación* do alumnado no seguimento da actividade diaria, así como a *perseveranza* e superación de dificultades.
- No caso do alumnado que ten acadadas as aprendizaxe propias do nivel sen dificultade e que conta con competencias e destrezas para afondar nas mesmas, valorarase especialmente a súa *capacidade para aplicar estas aprendizaxes a situacións reais* e de resolución de problemas cotiás, desenvolvendo estratexias para transformar estas aprendizaxes en coñecemento.
- Primarase a *calidade* das tarefas presentadas (axustadas ó requirido para cada unha) sobre a cantidade das mesmas, valorándoas sempre en función da evolución individual de cada neno/a, respectando así o

	<p>principio de individualización do ensino e os diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe de cada alumno/a</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ As tarefas e traballos seguirán valorándose coas <i>rúbricas</i> que viñemos empregando ó longo do curso (publicadas na aula virtual).</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do curso, atendendo á avaliación continua, será sempre <b>igual ou superior</b> a acadada na segunda avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Todo o alumnado partirá da cualificación que ten acadada na 2ª avaliación, valorándose o traballo desenvolvido durante este 3º trimestre só <i>no caso de benéficalo</i>, incrementando a súa cualificación final ata un máximo de 1 punto.</li> <li>○ No caso de alumnado que (despois de empregar os medios para reincorporalo á aula e sen dificultades derivadas de medios tecnolóxicos ou da conexión a internet) non realice as tarefas propostas neste 3º trimestre, contará coa cualificación obtida na 2ª avaliación.</li> <li>○ No caso do alumnado que, mantendo a conexión á aula con certa frecuencia non realice as tarefas recomendadas (tendo en conta que estas se concretarán para cada alumno/a en cantidade e dificultade en función da súa situación e necesidades persoais) ou estas non impliquen a superación das aprendizaxes imprescindibles seleccionadas, contará coa mesma cualificación que na 2ª avaliación.</li> <li>○ No caso do alumnado que amosa <i>esforzo e interese</i> por desenvolver as tarefas propostas, implicándose na realización das mesmas e mantendo o contacto necesario para resolver dúbidas, estas terán sempre unha valoración positiva de cara a mellorar a cualificación final.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	NON hai na etapa de primaria
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Non hai na etapa de primaria

<b>3. Metodoloxía e Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades propostas seguirán a ser <b>globalizadas e interdisciplinares</b> e centraranse no <b>repaso, recuperación e reforzo</b> das aprendizaxes imprescindibles priorizando <b>destrezas e habilidades</b> e afondando nestas en función da evolución do alumnado, sempre de cara a favorecer un desenvolvemento integral e competencial.</p> <p>Todas elas contarán cunha explicación detallada para guiar o traballo.</p> <p>Subiranse tarefas novas cada semana, pechando as que levan máis de 3 semanas abertas para evitar a saturación do curso, facilitar o seguimento e respectar o ritmo de traballo de cada quen.</p> <p>As actividades serán variadas tanto na forma como na súa execución, tratando de espertar o interese do alumnado con propostas novas así como incentivar a súa motivación de logro.</p> <p>O alumnado contará con canles diarios para consultar as dúbidas recibindo o feedback preciso, favorecendo a comunicación co grupo e coidando do vínculo afectivo (foros de dúbidas para cada materia, foros para compartir, mensaxería E-Dixgal e chat diario de 11:00 a 12:00). Contemplase a realización de vídeo chamadas programadas en función do alumnado conectado.</p> <p>Aqueles alumnos que así o precisen pola súa singularidade, contarán coa información respecto das <i>actividades concretas</i> que deben realizar, e a <i>adaptación das mesmas</i> en cantidade e formato.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>No nivel de 5º case a totalidade do alumnado conta con conectividade para seguir o traballo durante este 3º trimestre. Contamos con dous casos con problemas de conexión para o que se lles facilitarán os medios técnicos precisos dende o Concello.</p> <p>Porén, os medios tecnolóxicos non implican a necesidade de establecer diferentes metodoloxías de traballo. De ser o caso, habilitaríanse os medios precisos; correo electrónico, intercambio de imaxes, recollida no centro (a partir da fase 1), etc.</p> <p>No <i>caso xustificado de non poder realizar as tarefas interactivas</i> ou en liña estas substituiríanse por documentos, adaptándose a esta situación excepcional e a cada caso, evitando sempre prexudicar ó alumnado.</p> <p>No caso de <i>alumnado desconectado</i> identificaranse as causas comunicando coas familias a través das canles oficiais, transmitíndolles a importancia de seguir na medida do posible as actividades propostas</p>

	<p>e tentando reincorporalo/a á dinámica de traballo actual o antes posible.</p> <p>A <b>metodoloxía</b> de traballo seguirá a ser fundamentalmente <i>participativa</i> e estará centrada na <i>construción activa</i> da aprendizaxe por parte do alumnado continuando coa liña que se viña empregando durante o curso a través da plataforma EVA E-Dixgal co uso de diferentes recursos dixitais.</p> <p>As aprendizaxes propostas serán <i>prácticas</i>, afondando nas <i>dinámicas de estudo</i> e na <i>busca e tratamento da información</i>.</p> <p>A busca activa de solucións e respostas será unha dinámica habitual que incluírá o valor da pregunta e do erro coma elementos naturais do proceso de aprendizaxe.</p> <p>O docente seguirá desenvolvendo o papel de <i>mediador e guía</i> entre o alumnado e a aprendizaxe (conscientes da gran importancia que ten neste momento que se sintan acompañados/as) do mesmo xeito que se empregará a <i>“titoría entre iguais”</i>, coa participación do alumnado, expoñendo e resolvendo dúbidas entre eles a través das diferentes canles habilitadas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Como recurso humano, destaca o esforzo de todo o profesorado do nivel e a estreita colaboración e <i>coordinación</i> entre as titoras creando, a raíz desta situación excepcional, un único curso no EVA (5º GRUPAL) coa finalidade de unificar criterios e garantir a máxima igualdade entre o alumnado do nivel, ó mesmo tempo que ampliando a capacidade para atender á todo o alumnado o estar titorizado de xeito conxunto. Así mesmo, este novo curso facilita o seguimento da nova dinámica por parte do alumnado localizando con facilidade o traballo iniciado a raíz desta situación.</p> <p>O principal recurso é a Aula Virtual da plataforma EVA (E-Dixgal).</p> <p>Os materias son similares ós empregamos durante o curso; libros dixitais, recursos interactivos, presentacións, vídeos, tutoriais, ferramentas ofimáticas (Writer, Impress) aplicacións (Scratch, Geogebra), tarefas en liña, intercambio de arquivos, etc.</p> <p>O ordenador e a conexión a internet son os elementos materias imprescindibles.</p> <p>As familias neste momento están a ser un gran apoio e un recurso fundamental para o desenvolvemento deste 3º trimestre co máximo aproveitamento para os/as nosos/as nenos/as.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Favoreceremos unha comunicación fluída e continuada, habilitando diferentes vías para dar resposta as necesidades diversas de tódalas familias. Empregaremos preferentemente as canles oficiais.</p> <p>En casos excepcionais que así o requiran, por non existir a posibilidade de facelo empregando estas canles, contactaremos coas familias a través do teléfono particular, coa única intención de favorecer a conexión do alumnado coa escola así como de que se sintan acompañados durante todo o proceso.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>○ Comunicación as familias a través de Abalar móbil (xa que todas dispoñen deste medio)</li><li>○ Comunicación coas familias a través da mensaxería E-Dixgal.</li><li>○ Contacto por correo electrónico non corporativo.</li><li>○ Contacto telefónico en situacións excepcionais.</li></ul> <p>Información compartida coas familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>○ Resumo das medidas destacadas nas instrución que afectan directamente a Educación Primaria.</li><li>○ Explicación detallada do método de traballo e sistema de avaliación a seguir no nivel de 5º de primaria respecto desta situación excepcional durante o 3º trimestre. O arquivo pode consultarse no apartado de información da propia aula virtual (E-Dixgal) informando ás familias a través da mensaxería E-Dixgal e Abalar móbil.</li><li>○ Plan de traballo individualizado nos casos precisos.</li><li>○ Adaptación da Programación de 5º de Ed. Primaria.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>— Publicación na páxina web do centro.</li><li>— Publicación na aula virtual E-Dixgal.</li><li>— Avisos da publicación a través de Abalar móbil.</li></ul>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIPP DE SIGÜEIRO  
CURSO: 5º EP  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DATA: 13/05/2



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazotemporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio e a postura corporal
	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
	EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

	EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.
	EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.
	EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Visualización e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: textos escritos e fundamentalmente vídeos.
<b>Cualificación final</b>	Será a nota media das dúas primeiras avaliaciós. O traballo e esforzo mostrado nas actividades feitas e enviadas de xeito voluntario polo alumnado no 3º trimestre valoraranse unicamente de maneira positiva (ata un punto como máximo), despois de facer a media das notas das dúas primeiras avaliaciós.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades serán sobre contidos traballados nos dous primeiros trimestres, de repaso e reforzo dos mesmos, coa finalidade de conseguir que o alumnado non deixe de facer deporte de maneira regular. Serán actividades lúdicas, adaptables a distintos contextos e idades, é dicir, actividades que se poidan facer en familia e que con sinxelas variantes se poidan adaptan a distintas idades e niveis motrices, co obxectivo principal de facer máis sinxelo o confinamento, a través do xogo e da Educación Física.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Case a totalidade do alumnado ten conectividade, e os poucos que non teñen, van recibir tarxetas en breve, polo que este problema estaría solucionado. De non ser o caso, buscaríase outra vía para enviar as actividades.</p> <p>Semanalmente, o profesorado de Educación Física elabora unha presentación (PowerPoint, Powtoon, etc.) ou un vídeo con distintas actividades, retos e xogos que se suben á aula virtual para que o alumnado os poida ver na casa e posteriormente realízalos.</p> <p>Despois, de maneira voluntaria, o alumnado pode enviar vídeos da actividade feita por eles ao correo electrónico do profesorado.</p> <p>Ademais destas tarefas, tamén se facilitan enlaces con outras actividades que están colgadas na rede, que non foron elaboradas especificamente polo profesorado do centro. Tamén se propoñen traballos de investigación sobre distintos deportes, deportistas, xogos tradicionais,...</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Para a realización das tarefas, retos e xogos, vaise utilizar pouco material, e o que se utilice vai ser moi accesible, cousas que hai normalmente en calquera domicilio (botella, rolo de papel, pelota, etc.), e que se non as hai, son facilmente substituíbles por outras.</p> <p>O profesorado utiliza un móbil para gravar, un ordenador para realizar presentacións e conexión a internet para poder subir esas creacións.</p> <p>Para o alumnado é suficiente un teléfono móbil con conexión a internet, para ver as propostas enviadas polo profesorado, gravar as súas actividades e envialas por email.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A información sobre como se vai desenvolver o trimestre e cales van ser as canles de comunicación, farase mediante abalarMóbil. Posteriormente as actividades subiranse na aula virtual da web do centro.</p> <p>A comunicación diaria pode ser tanto por abalarMóbil como por correo electrónico.</p>
<b>Publicidade</b>	Web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO  
NIVEL: 5º PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

NIVEL	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CC
5º	· B1.1. <b>Comprender</b> a idea global e a información máis importante en <b>textos orais</b> breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas e léxico coñecidos. PLEB1.2. Recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.	CCL CD
	· B2.2. <b>Participar</b> de forma activa e cooperativa <b>en situacións funcionais de comunicación</b> que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CCL
	· B3.1. Identificar o tema e <b>comprender</b> o sentido xeral e as ideas principais en <b>textos escritos</b> sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.	CCL CD CCEC
	· B4.1. <b>Elaborar textos escritos</b> sinxelos propios, compostos de frases simples, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal. PLEB4.6. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, seguindo modelos (tweet, correspondencia...)	CCL CD
	· B5.13. Mostrar un control dun conxunto de <b>estruturas gramaticais</b> sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado. · B5.14. Comprender e utilizar o <b>léxico</b> propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	PLEB5.13. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións orais e escritas. PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar en interaccións, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	CCL CSC CAA

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> A avaliación terá un carácter <b>continuo</b> e <b>global, diagnóstico</b> e <b>formativo</b>. Daráselle prioridade ao traballo levado a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación, pero tamén se terán en conta as actividades desenvolvidas neste período, sempre e cando favorezan ao alumno/a; nunca para prexudicalo. Tomaranse como referencia as <b>aprendizaxes imprescindibles</b> para o nivel indicado.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Follas de rexistro de datos dos dous primeiros trimestres do curso (observación diaria, probas escritas e orais, caderno...).</li> <li>· Revisión do traballo persoal do alumno/a durante o período de suspensión de clases (só para mellorar as cualificacións).</li> <li>· Actividades autoavaliabes.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Para adxudicar aos alumnos/as unha cualificación final, terase en conta o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles previamente definidas. Farase media entre as dúas primeiras avaliacións, podendo obter un punto máis polo traballo voluntario levado a cabo no 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
<b>Actividades</b>	Levaranse a cabo actividades de <b>repaso, reforzo, recuperación e consolidación</b> dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación. Así mesmo, ampliaranse aquelas aprendizaxes realizadas con anterioridade, que requiran a mínima presenza do docente. Estas actividades centraranse nos bloques de comprensión oral e escrita, expresión escrita e coñecemento da lingua e consciencia intercultural. Tamén se levarán a cabo, de xeito ocasional, actividades de expresión oral a través de videoconferencia.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Ante todo, neste atípico 3º trimestre, pretendemos que o alumnado non sinta tan abruptamente a desconexión co colexio. Por iso, presentamos unha proposta de actividades por sesións, facilitando o establecemento dunhas <b>rutinas diarias</b> e favorecendo un certo <b>hábito de estudo</b>, sempre dentro da situación excepcional que estamos a vivir. Preténdese animar ao alumnado en todo momento e non sobrecargalo de tarefas.</p> <p>Queremos estar en <b>contacto</b> co alumnado e familias, para iso, ademais da <b>comunicación</b> a través da aplicación abalarMóbil e a mensaxería de eDixgal, facilitóuselles un correo electrónico no que poden plantexar as súas dúbidas e inquiredanzas.</p> <p>En canto ao alumnado con menos conectividade, mantemos contacto con el por vía telefónica ou a través da app abalarMóbil. A estes facilítanselles tarefas por diferentes vías: achegarlle fichas impresas a través dos servizos do concello, propostas de traballo que non requiren de equipos informáticos nin conexión (caderno de actividades)...</p>
<b>Materiais e recursos</b>	O alumnado continuará traballando a través da <b>plataforma EVA e-Dixgal</b> onde, a través da axenda dixital, accede á distribución de tarefas para cada sesión. Estas inclúen actividades online interactivas na propia plataforma, fichas imprimibles ou autocompletibles no ordenador, videos, audios... Con eles tamén se está a empregar a ferramenta <b>Webex</b> para videoconferencias que facilitou a Consellería. Outros materiais a disposición do alumnado son os cadernos de traballo, o perfil de twitter ou o portal web do centro.

4. Información e publicidade	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019/2020 será publicada na páxina web do centro e faraselle chegar información da mesma ao alumnado e familias a través da aplicación abalarMóbil.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SIGÜEIRO  
CURSO: 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL  
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (MÚSICA)  
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019-2020, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Quinto curso)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.</li> <li>▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.3. A mosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> <li>▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>En 5º de Educación Primaria avalíu un 50% polo traballo, actitude e interese, participación e esforzo, habilidades e capacidades musicais, e pola corrección trimestral das fichas realizadas no caderno musical; e o outro 50% da nota, terá en conta o resultado da proba trimestral de frauta, en canto a execución , dixitación, sopro, manexo e soltura; así como a comprensión básica dos elementos musicais elementais, da partitura a tocar polo alumno ou alumna.</p> <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>O alumnado será avaliado tendo en conta as anotacións semanais no rexistro de datos na miña libreta das distintas clases, en canto ao seu traballo, actitude, interese, participación e esforzo cara a materia; ademais dos procedementos indicados por cursos na páxina anterior. Serán en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación, neste último trimestre, tendo en conta o interese polos alumnos, en canto a continuidade da súa aprendizaxe, sempre beneficiándoos.</p>
	Instrumentos:
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>O alumnado será avaliado tendo en conta as anotacións semanais no rexistro de datos na miña libreta das distintas clases, en canto ao seu traballo, actitude, interese, participación e esforzo cara a materia; ademais dos procedementos indicados por cursos na páxina anterior. Serán tidas en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación, neste último trimestre, tendo en conta o interese amosado polos alumnos, en canto a continuidade da súa aprendizaxe, sempre beneficiándoos.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Na aula virtual do colexio semanalmente, desde que empezou o confinamento, colgo actividades musicais todos os domingos para a semana correspondente, son actividades interactivas , de repaso e reforzo, dos obxectivos e contidos aprendidos durante os 2 primeiros trimestres do curso.</p> <p>1ª Semana : Aprendo música con las tic: Aprendo ritmos.</p> <p>2ª Semana: Smile and learn: Instrumentos para niños. educ@contic: xogos de linguaxe musical, tempos, voces, instrumentos, aforcados.... Escoita de música relaxante Vangelis, Enya, Mike Olfield, Gwedal. Karaoke en liña.</p> <p>3ª Semana: Baile nixeriano de benvida de principio de curso: `` Funga Alafia´´. Visualización do vídeo, cantamos e bailamos a canción.</p> <p>4ª Semana: Visualización do vídeo ``12 instrumentos musicais con materiais de uso cotiá´´ Visualización e escoita da Orquestra de Instrumentos Reciclados de Cateura-Paraguari Educaplay música: Encrucillado dos instrumentos da aula. Encrucillado de voces Selecciona o ritmo es as súas células rítmicas correspondentes. Pasapalabra instrumento correspondente. Versión Rock Resistiré 2020.`` Los Monos voadores del Señor Burns´´.</p> <p>5ª Semana: Ficha das partes da gaita galega e a solución correspondente . Vídeo e escoita do son das distintas partes da gaita. Vídeos de cancións de gaiteras como Susana Seivane, Cristina Pato e gaiteros Manuel Budiño e Carlos Núñez. Wikipedia información sobre a gaita galega. Grupo musical da Coruña `` Bastards on Parade´´, combinan o punk coa gaita.</p> <p>6ª Semana: `` A orquestra e os seus instrumentos´´. Si- La- Sol . Le ,clica e observa a súa colocación correcta no pentagrama. Toca coa fruta as 3 notas que xa sabes si –la –sol.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Co alumnado mantíveme comunicada a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén a través da mensaxería de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais , a data na que se colgaban todas as semanas, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dúbida, sempre en beneficio do alumnado polo interese amosado neste trimestre.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Co alumnado mantíveme comunicado a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén a través da mensaxería de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais, a data na que se colgaban todas as semanas, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dubida. A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019-20, será publicada na páxina web do centro e, faráselle chegar a información da mesma, ao alumnado e as familias a través da aplicación abalarMóvil.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020  
NIVEL: 5º DE PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa humana con desexo de ben.	Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.
Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	Clasifica e é consciente do contido do decálogo.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.</li><li>• Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.</li><li>• Debuxos que representen aquilo que aprenderon.</li><li>• Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado.</li><li>• Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escala de observación da comprensión dos relatos bíblicos.</p> <p>Autoavaliación de aprendizaxes sobre persoas e personaxes traballados nas unidades.</p> <p>Rexistro de avaliación da busca de citas na Biblia.</p> <p>Rexistro xeral de aprendizaxes sobre valores cristiáns durante o curso.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Suma das dúas primeiras avaliacións e media.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p><b>Actividades de repaso e reforzo.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proposta de actividades voluntarias na aula virtual do centro.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio da etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.</p> <p>Pola situación de Pandemia e a non asistencia ao centro non propoño traballos en grupo, por outra banda tan importantes nesta etapa.</p> <p>Comunicación a través das titorías e da aula virtual do Centro para envío de actividades.</p> <p>Rexistro diario e arquivo de materiais.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libro do alumno para a área de Relixión e Moral Católica de 5.º EP en diferentes soportes.</p> <p>Libro de oracións Rezo con Xesús de 5.º de EP.</p> <p>Proposta didáctica para Relixión e Moral Católica de 5º EP na aula virtual.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Esta adaptación da programación publicárase na web do centro e faraselles chegar ás familias por abalarMobil.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.